

Benita Lage Cortegoso

Son moitas as familias que din que o seu morto non andaba metido en política. Foran moitos anos escoitando que aquilo era malo e como aquel que quixeran nada malo fixera, transmitiron ás seguintes xeracións que non andaba nesas cousas. Pero os papeis denunciaban a afiliación, a loita que lonxe de ser mala era a única xusta. Mais no caso do home de Benita Lage Cortegoso, non. Non hai ningún dato que amose que Manuel Fernández Núñez, canteiro de 42 anos do lugar de Moldes, participase xamais en actividade política ou sindical ningunha. E sen embargo, o 29 de agosto do 36 sacárono da súa casa para asasinalo, diso si hai papeis que rexistran unha morte “por destrucción de masa craneana por disparos de arma de fogo”. Un minuto despois de levalo. A cincocentos metros da casa. Benita escoitou os disparos.

“El non estaba metido en política. Foron alí dicindo:

-Queremos os cartos e as armas.

-Non teño.

-*Vamos!* Non dás os cartos nin as armas? *Vamos!*

E a miña avoa oíu como o mataban. Era xente que ela coñecía”.

Teresa Silva, neta de Benita Lage



Daquela andaban cos papeis para adoptar unha nena orfa, Pura, e houbo que parar os trámites. Aínda que Benita a criou como unha filla mantivo os seus apelidos: Pura Silva Feijóo. Para sacarlle a fame tivo que vender todo o que tiña:

“Tiña moito capital e vendeuno todo para saír adiante. A xente víñalle:

-Mira, firma aquí y ya te doy este dinero.

E hala, por catro pesos. Tiña a metade de Moldes e quedou sen nada. Aproveitouse todo o mundo, dun lado e doutro”.

Nunca falou dese tempo pero a neta, que tiña catorce anos cando ela morreu, lembra ir con ela visitar o avó ao cemiterio de San Amaro.